



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/24	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de maio de 2017
Duración	Desde as 20:03 ata as 20:30 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	SÍ
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 24 de abril, 2 e 8 de maio de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 24 de abril, 2 e 8 de maio de 2017.

Expediente 2849/2017. Pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Nº REX: 601 / 17

ASUNTO: SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE PASAXE PERMANENTE Nº 703

A Policía Local de Cangas, con relación ao escrito presentado por M.G.G.C., que solicita a renovación do sinal de pasaxe permanente no Igrexario, nº 62-O Hío, informa que non existe inconveniente.

Expediente 2947/2017. Proposta informe policial 572b17 (pintado)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Nº REX.: 572 / 2017

ASUNTO: SOLICITUDE DE PINTADO AMARELO NA ZONA DO PASAXE PERMANENTE CON LICENZA Nº 587 EN ESTRADA DE ALDÁN, Nº 79

A Policía Local de Cangas, con relación ao escrito presentado por M.J.M.P. informa que se autoriza o pintado de amarelo na zona do sinal de pasaxe permanente (licenza nº 587) con un metro a cada lado da entrada de acceso ao garaxe.

Expediente 1048/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 1048/2017.- Outorgar licenza de obra a S.C.P. para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en Rúa Paraíso, nº 27-Darbo de 59,46 m2., de reforma de semisoto, 80,23 m2., de planta baixa, 10,65 m2., de pórche e ampliación de



aproveitamento baixo cuberta en 52,48 m²., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.L.D. en data febreiro de 2017 e documentación modificada aportada en data 10 de abril de 2017. A licenza de obras outorgarase condicionada a que antes do inicio das obras se presente proxecto de execución destas visado polo colexio correspondente, oficio co nomeamento do director de obra e de execución e formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a oitenta e un mil cincocentos sesenta e tres euros con noventa e seis céntimos (81.563,96 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia de 28 de abril por unha superficie de 23,48 m²., e fianza para respostar das obras de urbanización depositada en Abanca por importe de trescentos sete euros con sesenta e seis céntimos (307,66 €).

Expediente 817/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 817/2017.- A J.G.M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Regueiro nº 6-1º dereita-Vigo, conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para construción de muro de contención de terras e cerramento de parcela no lugar de Darbo-Liméns, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico H.G.G., visado o 21.04.2017. O presuposto de execución material ascende a nove mil novecentos trinta e dous euros con cincuenta céntimos (9.932,50 €).

Expediente 2663/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2663/17.- A GAS GALICIA SDG SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204-PB-Vigo, para na Avda. de Ourense, nº 11–Cangas, conceder licenza de obras para executar unha acometida de 2,00 metros, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



Concello de Cangas

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 2863/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2863/2017 (Expte. nº 25.646).- Acordar a caducidade do procedemento e o arquivo do expediente tramitado a instancia de J.A.F.V. E P.F.V., con enderezo na Avda. de Lugo, nº 20-1°C-Cangas, para construción de vivenda unifamiliar illada no lugar de Salgueiros, s/n-Aldán de conformidade co art. 95 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 1 de febreiro de 2016, sen que este fose cumprimentado.

Expediente 2862/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2862/2017 (Expte. Nº 25.911).- Acordar a caducidade do procedemento e o arquivo do expediente tramitado a instancia de J.N.F., con enderezo na Madalena, nº 68-Darbo, para cerramento de parcela de conformidade co art. 95 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 20 de xullo de 2016, que non foi cumprimentado.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 2609/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 2609/2017.- A D.B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Sol, nº 41, conceder licenza de obra para cubrición de terraza de edificación sita en Rúa Sol, nº 41-Cangas, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto Teodoro de Francisco Antes, visado o 15.03.2017, condicionada a que deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da Oficina Municipal. O presuposto de execución material ascende a catro mil setecentos euros (4.700,00 €).</p>	

Expediente 2610/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 2610/2017.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a ARAUJO CH, titular do CIF nº E94115946, con enderezo a efectos de notificacións na Avenida Eduardo Vicenti, nº 12–baixo-Cangas, para instalación de ascensor e cambio de carpintería exterior de edificio sito na Avenida Eduardo Vicenti, nº 12-Cangas regulado pola ordenanza do PEPRI, de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto T.F.A., visado o 28.03.2017, condicionado a que deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI. O presuposto de execución material ascende a vinte e cinco mil euros (25.000,00 €).</p>	

Expediente 2487/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 2487/2017.- A C.G.C. e F.J.Á.P., con enderezo a efectos de notificacións en Donón, nº 42–O Hío, para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, outorgar licenza para a construción de piscina, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico J.P.Y. de data abril de 2017 e visto o informe favorable de Patrimonio emitido en data 02.02.2016. O orzamento de execución material ascende a tres mil setecentos noventa e sete euros con corenta e cinco euros (3.797,45 €).</p>	

Expediente 1024/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 1024/2017.- A J.M.R.H., con enderezo a efectos de notificacións en rúa</p>	



A Choupana, nº 15-2º-Bloque 2ºB-Darbo, para en solo de núcleo rural regulado pola Ordenanza 12, conceder licenza urbanística de obras maiores, construír una vivenda unifamiliar de 127,70 m²., de soto, 183,00 m²., de planta baixa, 91,90 m²., de pórche e 32,00 m²., de piscina, no lugar de Menduíña-Aldán, de conformidade co proxecto de obra visado o 01.02.2017 elaborado pola arquitecta M.T.F.I. e de acordo coas seguintes determinacións:

a) As obras axustaranse, na súa execución, ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de achaiadura vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade e ás determinacións establecidas no informe favorable para a obra solicitada emitido polo Servizo de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia.

b) A licenza condiciónase ao aporte da escritura de agrupación das parcelas sobre as que se vai a executar a construción, toda vez que se está a regularizar a situación catastral.

O orzamento de execución material ascende a douscentos dezaseis mil seiscentos corenta euros (216.640,00 €).

Acéptase a fianza para garantir as obras de urbanización depositado en Abanca por un importe de seiscentos sesenta e oito euros con sesenta e nove céntimos (668,69 €), o 27 de abril de 2017.

Expediente 855/2017. Licenza urbanística (Expte. 26020)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 855/2017.- A UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204-PB-Vigo, para en Baixada á Congorza-Balea-Darbo (Nº SDG: 248316030199), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha rede de baixa tensión soterrada canalización de 8 metros de liñas eléctricas soterradas de baixa tensión, de conformidade coa documentación presentada e de acordo cos informes favorables do Instituto de Estudos do Territorio de data 02.02.2017 e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 09.02.2017 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 2435/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2435/2017 (EXPEDIENTE: 24.629.- LICENZA Nº 23.877)
A F.J.V.F., con enderezo a efectos de notificacións a través do seu representante F.J.A.R., en Rúa Couto, nº 4-Vigo, modifícaselle a licenza urbanística nº 23.877, outorgada a F.J.V.F., para construír unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Torreiro, nº 42-Santa Marta-Darbo, no sentido en que se amplía 127,08 m²., de soto e 42,00 m²., de piscina, de conformidade co proxecto modificado de execución elaborado polo arquitecto F.J.A.R., visado o 26.12.2016. A licenza condiciónase a formalizar perante o Catastro a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O orzamento de execución material ascende a corenta e cinco mil euros (45.000,00 €), as variacións deste trala execución das obras deberán comunicarse ao Concello unha vez rematadas estas.

Expediente 1695/2017. Licenza de obras

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE Nº 1695/2017.- Conceder licenza de obras a M.C.B.S., titular do DNI nº 76832000V, con enderezo a efectos de notificacións na Avenida José Graña, nº 40–Aldán, para a construción de pozo de barrena en parcela sita no lugar Monte de Avilleira-San Cibrán, polígono 21 parcela 376) vista autorización de Augas de Galicia de data 23 de xaneiro de 2017 e condicionado a que as canalizacións de enerxía eléctrica necesarias se deberán realizar no subsolo. En ningún caso ditas canalizacións poderán ser aéreas. O presuposto de execución material ascende a mil cento vinte e oito euros con oitenta e oito céntimos (1.128,88 €).

Expediente 1867/2017. Declaración caducidade de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

INFORME-PROPOSTA

En relación co expediente relativo á declaración de caducidade da licenza urbanística nº 20.041 concedida a favor de F.M.S., que abeiraba a construción de unha vivenda unifamiliar no lugar de Pinténs-O Hío, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 26 de novembro de 2004 a Xunta de Goberno Local outorgou licenza de obras nº 20.041, para a construción de unha vivenda unifamiliar en Pinténs-Hío. Con data 31 de marzo de 2017 emitíuse informe pola inspección municipal sobre o incumprimento dos prazos para edificar unha vivenda sita en Pinténs-O Hío, obxecto de licenza de obras nº 20.041, evidenciándose así o incumprimento dos prazos establecidos na licenza concedida para a execución de obras na vivenda sita no lugar Pinténs-O Hío.

SEGUNDO.- Con data 3 de abril de 2017 foi emitido informe xurídico referente á lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación á declaración de caducidade da licenza urbanística nº 20.041.

TERCEIRO.- Por Resolución de Alcaldía de data 3 de abril de 2017 incoouse expediente para declarar a caducidade da licenza de obras nº 20.041 concedida a F.M.S.

Notificada ao interesado a iniciación do expediente de caducidade (acuse de recibo 08/04/2017) e transcorrido o prazo concedido en trámite de audiencia e non téndose presentado ningún escrito polo interesado procede a formulación de proposta de resolución que se fundamenta nos seguintes argumentos:



LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ven establecida por:

- Os artigos 145 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- O artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede á declaración de caducidade da licenza urbanística por incumprimento do prazo de remate. O acordo adoptarase pola Xunta de Goberno Local logo da Resolución de Alcaldía de 2 de xullo de 2015 que delega neste órgano o procedemento de concesión de licencias.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística nº 20.041 concedida a favor de F.M.S. e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo de remate das obras estipulado, constatado o incumprimento dos prazos previstos legalmente para o remate das obras, de conformidade co establecido no artigo 145 de Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

SEGUNDO.- Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto esta non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do Concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos e dar traslado deste ao Servizo de Inspección Urbanística co fin de que se adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens e en relación coas actuacións non abeiradas por licenza.



Expediente 2059/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2059/2017 (Expte: 18.894).- Outorgar LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a D.A.F.B., con enderezo a efectos de notificacións en lugar A Madalena, nº 66-Darbo-Cangas, para vivenda sita en Manuel Graña, nº 16, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.566, visto o informe-comprobación, emitido ao respecto pola arquitecta municipal do PEPRI, con data 2 de maio de 2017.

Expediente 2662/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2662/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE VECIÑOS CRISTO DOS NAVEGANTES, con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Cristo dos Navegantes, nº 12-Cangas, titular CIF nº H36112701, para obras de pintado de fachada de edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos catro euros con vinte céntimos (2.404,20 €).

Expediente 2495/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2495/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN SA, con enderezo a efectos de notificacións en Vía La Cierva, s/n, Mercagalicia (15890)-Santiago-A Coruña, titular CIF nº A-28164754, para obras de conservación e mantemento de local, sito na Avda. de Bueu, nº 24-baixo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil oitenta e cinco euros (4.085,00 €).

Expediente 304/2017. Comunicación Previa de Obra

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 304/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por SILORDIMAR GAS, SL, con enderezo a efectos de notificacións en Lugar Retirosa, nº 4-Coiro, para obras consistentes en reconstrución de muro de bloques sito no



referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos euros (900,00 €).

Expediente 1046/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1046/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por G.C.D.B., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Inés Pérez de Ceta, nº 7-6ºF-36207-Vigo, titular DNI nº 39453859G, para obras consistentes en reforma de cerramentos de parcela e substitución de varanda fronte a vial de parcela sita en Camiño da Insua-Arneles-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil corenta e seis euros con vinte e catro céntimos (4.046,24 €).

Expediente 1696/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1696/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.M.L.R., con enderezo a efectos de notificacións en Trigás, nº 24-Cangas, para obras consistentes en reparación de cuberta de edificación sita en Trigás, nº 24-Coiro, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente; proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico Emilio Caamaño Malvido en data marzo de 2017 e autorización do servizo de infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 20 de abril de 2017, para as obras solicitadas. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos oitenta e cinco euros (2.485,00 €).

Expediente 2521/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº (2.521/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por TANTIRIS SL, para una soleira de formigón armado de 326,75 m2., no lugar do Gatañal s/n-San Roque-Darbo, referencia catastral, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil novecentos once euros con cincuenta céntimos (4.911,50 €).



Expediente 2667/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2667/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.G.S., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Arrecife, nº 7-Cangas, para a realización de obras consistentes en reparación de cuberta de edificación sita en Félix Ozámiz, nº 30-Cangas, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente; proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico R.B.R. en data marzo de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil novecentos euros (3.900,00 €).</p>	

Expediente 2845/2017. Cambio de titularidade de Actividade	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2845/2017.- Dáse conta do cambio de titularidade solicitado por ELECTRICIDAD FER-MA CANGAS CANGAS CB, da licenza de actividade de comercio polo miúdo de aparatos de uso doméstico na Rúa Luna, nº 1-baixo-Cangas, que antes rexentaba M.F.M., con autorización da Comisión Municipal Permanente de data 6 de novembro de 1972, vista a acta de inspección asinada pola arquitecta municipal do PEPRI de data 02.05.2017.</p>	

Expediente 988/2017. Inicio sanción-20/2016 B.P.P.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Expediente nº: 20/2016-988/2017 Procedemento: PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A ALCALDÍA</p> <p>Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Longán-Coiro, consistentes en: realizar un cerramento na fronte da parcela en espazo viario sobre terreo cedido.</p> <p>Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 23 de novembro do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas subsidiarias de planeamento do municipio de Cangas, URFI, título V das Normas Urbanísticas II, sistema viario.</p> <p>Resultando que segundo consta no expediente, é presuntamente responsable dos feitos sinalados B.P.P., promotor.</p>	



Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción a B.P.P. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un cerramento no fronte da parcela en espazo viario sobre terreo cedido no lugar de Longán-Coiro.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a María Rodríguez Gómez, sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de reconecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo



aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

Expediente 2169/2017.- SAF 270/01 - DEPENDENCIA 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

D. Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

Visto o informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde esta xefatura á Xunta de Goberno Local propono a adopción do seguinte acordo:

* Baixa do SAF de D.C.D., beneficiario do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF) pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/000270-50552.

Expediente 2967/2017. DEPENDENCIA

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponse a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.F.R., co expediente nº: 36008/02/001300-VI0000036512, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de DEPENDENCIA e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

-Atencións de carácter persoal.



Concello de Cangas

- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo.

Custo do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta e sete céntimos (551,77 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) 12%: cento sete euros con trinta céntimos (107,30 €).

Número de horas: 45 horas.

Data prevista de alta no SAF: maio de 2017.

Expediente 2838/2017. C-15/08. Proposta prórroga contrato balizamento

Favorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

ANDRES GARCIA BASTON
LOURDES RIAL PARDO
MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ
XOSE MANUEL PAZOS VARELA
XOÁN CHILLÓN IGLESIAS
ÁNXELA VIZOSO MARCOS

En contra

Abstencións

MARIANO ABALO COSTA

Ausentes

Visto o contrato asinado o día 10.06.2015 coa empresa **SERVISUB BUEU SL**, con NIF nº B36445252, para a prestación do servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas, cuxa duración era 2 anos (polo que a súa vixencia expira o vindeiro 09.06.2017) sendo susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.

Sendo este un servizo necesario para garantir a seguridade nas praias do concello.

Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local proponho a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Prorrogar o contrato suscrito coa empresa **SERVISUB BUEU SL**, con NIF nº B36445252, para a prestación do servizo de balizamento de praias desde o

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

10.06.2017 ata o 09.06.2018.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico.

Expediente 2840/2017. C-15/10. Proposta prórroga contrato limpeza Centro Sociocomunitario

Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0	
	A favor	ANDRES GARCIA BASTON LOURDES RIAL PARDO MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNXELA VIZOSO MARCOS
	En contra	---
	Abstencións	MARIANO ABALO COSTA
	Ausentes	---

Visto o contrato asinado o día 10.06.2015 coa empresa MULTISERGA SL, con NIF nº B36944007, para a prestación do servizo de limpeza do Centro sociocomunitario do Concello de Cangas, cuxa duración era 2 anos (polo que a súa vixencia expira o vindeiro 09.06.2017) sendo susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.

Sendo este un servizo necesario para garantir a seguridade nas praias do concello.

Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local proponho a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prorrogar o contrato subscrito coa empresa MULTISERGA SL, con NIF nº B36944007, para a prestación do servizo de limpeza do Centro sociocomunitario, desde o 10.06.2017 ata o 09.06.2018.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico.

Expediente 254/2017. MERCADIÑO 2017

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 4 DO MERCADIÑO DOS MARTES

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 24.02.2017 S.D.B., con enderezo en rúa Manuel Rodríguez, nº 80-Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular os martes, a favor de F.S.S., domiciliado en Rúa Manuel Rodríguez, nº 80-1º-Pontevedra, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licencias serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente F.S.S.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 4 do mercado dos martes da que era titular S.D.B. a favor de F.S.S., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, Estatística e Tesourería.

Expediente 2985/2017. Nomeamento membros protección civil Xunta de Galicia

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

D. CESAREO COYA PORTAS, en calidade de presidente da AVPC-CANGAS, por medio do presente escrito INFORMO:

Que desde a delegación provincial da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e en virtude do cumprimento do artigo 50.4 do Decreto 56/2000, de 3 de marzo, debemos nomear cando menos, 3 representantes co obxecto de seren interlocutores co órgano competente en materia de Protección Civil da Xunta de Galicia e, se é o caso, con outras institucións e organización para os efectos administrativos ou operativos.

Que despois de consultalo co Sr. alcalde, as persoas nomeadas son:

- D. Xosé Manuel Pazos Varela - alcalde-presidente.
- D. Cesáreo Coya Portas - presidente AVPC.
- D. Segundo Lagoa Santos - vicepresidente AVPC.

Expediente 2965/2017. Actos culturais.(AUDITORIO) NINGURES PRODUCCIÓN SL

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo de asinar un convenio de colaboración entre a entidade NINGURES PRODUCCIÓN SL e o Concello de Cangas, para a organización e desenvolvemento dunha Escola de Artes Escénicas en Cangas (Exercicio 2017).

- Achégase o documento do convenio.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE NINGURES PRODUCCIÓN S. L. E O ILMO. CONCELLO DE CANGAS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUNHA ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS (Exercicio 2017)

REUNIDOS

Por unha banda, D. Xosé Manuel Pazos Varela, Alcalde - Presidente do Concello de Cangas.

Por outra banda, D. S.R.P., administrador de Ningures Producción SL, con CIF: B 36302784 e domicilio en rúa avenida de Moaña, 25 - 36940 Cangas.

INTERVEÑEN

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente, capacidade e abrogándose nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o CONCELLO, dentro das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente e en concreto as referidas no Artigo 25 da Lei 7/85 de 2 de Abril modificada por Lei 57/03 de 16 de Decembro reguladora das Bases do Réxime Local, e no referente ás actividades e instalacións culturais, ten entre os seus propósitos a formación, fomento, promoción e produción de actividades culturais.

SEGUNDO.- Que Ningures Producción SL, é unha entidade que organiza e xestiona diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia, centrando a súa actividade nas artes escénicas.

TERCEIRO.- Que Ningures Producción S. L. desenvolve unha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS.

CUARTO.- Que, si ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de Subvencións de Galicia os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na mesma.

SEXTO.- Que ambas as partes manifestan un mutuo interese por:

1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades teatrais entre os cidadáns do Concello de Cangas.

Desenvolver unha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS. Exercicio 2017.



Concello de Cangas

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan aos efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Ningures Producción SL, organizará coa colaboración e patrocinio do Concello de Cangas unha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a aportar a cantidade de catro mil euros (4.000,00 €) a Ningures Producción SL, para o desenvolvemento dunha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS. Exercicio 2017. E aboar en concepto de pago anticipado, de acordo co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, un total de tres mil douscentos euros (3.200,00 €). Non se esixirá garantía.

TERCEIRA.- Ningures Producción SL, desenvolve unha Escola das Artes Escénicas en Cangas no Auditorio Municipal de Cangas.

Ordena a formación en tres cursos ou niveis:

1.- CURSO DE INTERPRETACIÓN

(Corpo emoción e voz)

Horario: martes de 19:00 a 21:00horas

Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades

2.- CURSO DE TEATRO PARA XOVENES

(idades comprendidas entre os 13 e os 17 anos)

Horario: mércores de 19:00 a 21:00horas

Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- 8 mensualidades

3.- CURSO DE POSTA EN ESCENA DUNHA MONTAXE TEATRAL

Horario: xoves de 19:00 a 21:00horas e sábado de 11:00 a 13:00horas

Curso completo:

- 4 horas semanais
- 2 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 128 horas de formación
- 8 mensualidades
- Representación do espectáculo na primeira semana de xullo de 2017

CUARTA.- Ningures Producción S. L. comprométese a:

- Executar o desenvolvemento dunha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS. Exercicio 2017. O orzamento elaborado que se adxunta a este convenio.
- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo ás clases impartidas.
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.
- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Ilmo. Concello, nos exemplares de programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do desenvolvemento da escola.

QUINTA.- Ningures Producción SL, comprométese así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de 90 días posteriores a finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que incluírán memoria detallada do programa da actividade desenrolada, presuposto de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

SEXTA.- Establécese a obrigaón por parte da Ningures Producción SL, de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigaóns establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

SÉTIMA.- No non previsto neste Convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de

Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a de de 2017.

Polo Concello de Cangas

Ningures Producción SL

ALCALDE – PRESIDENTE

Representante legal

Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela

Asdo.: S.R.P.

Expediente 2963/2017. Actos Culturais.(AUDITORIO) XIRIA

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde–presidente do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo de asinar un convenio de colaboración entre a ASOCIACIÓN CULTURAL XIRIA e o Concello de Cangas para desenvolver a XXXIV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS.

- Achégase o documento do convenio.

A N E X O:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL XIRIA E O CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVER A XXXIV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

REUNIDOS

Por unha banda, D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas.

Por outra banda, D. M.X.M.A., presidenta da Asociación Cultural XIRIA, con CIF: G36024990 e domicilio en rúa As Xegadas, 9-36940-Cangas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente, capacidade e abrogándose nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o CONCELLO, de conformidade co art. 25.2 m) da Lei 7/85 de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias a promoción da cultura, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións culturais da cidadanía.

SEGUNDO.- Que a Asociación Cultural XIRIA é unha asociación sen ánimo de lucro, encargada de organizar e xestionar diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia, centrando a súa actividade no cine e moi especialmente nas artes escénicas.

TERCEIRO.- Que a Asociación Cultural XIRIA organiza a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas desde a súa creación, no ano 1984, sendo o festival teatral máis antigo e un dos máis prestixiosos entre os que se celebran en Galicia.

CUARTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de Subvencións de Galicia os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na mesma.

SEXTO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese por:

1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades teatrais entre os habitantes do Concello de Cangas.



2. Desenvolver a XXXI VMOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS. Do 30 de xuño ao 8 de xullo de 2017.

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan aos efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Asociación Cultural XIRIA coorganizará co Concello de Cangas a XXXIV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:

- Aportar a cantidade de catorce mil euros (14.000,00 €) á Asociación Cultural XIRIA para o desenvolvemento da XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS, con cargo á partida 334.48 do orzamento municipal para o exercicio 2017.
- Aboar en concepto de pago anticipado, de acordo co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, un total de once mil douscentos euros (11.200,00 €). Non se esixirá garantía.

TERCEIRA.- A Asociación Cultural XIRIA comprométese a:

- Executar no desenvolvemento da XXXIV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS o orzamento elaborado que se adxunta a este convenio.
- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración de espectáculos e actividades.
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.
- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Ilmo. Concello, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.

CUARTA.- A Asociación Cultural XIRIA comprométese así mesmo a presentar no Concello de Cangas, no prazo de 90 días posteriores a finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que incluírán memoria detallada do programa da actividade desenvolvida, orzamento de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo



Concello de Cangas

28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

QUINTA.- Establécese a obrigaón por parte da Asociación Cultural XIRIA de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigaóns establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a _____ de _____ de 2017.

Polo Concello de Cangas
O ALCALDE

Pola Asociación Cultural XIRIA
A PRESIDENTA

Xosé Manuel Pazos Varela

M.X.M.A.

Expediente 2505/2017. Concesión de Axudas de Emerxencia Social para comedor escolar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/
Asentimento

4ª PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2016/2017

Xoán Carlos Chillón Iglesias, Concelleiro de Ensino e Deportes do Concello de Cangas
PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local, a aprobación definitiva da lista de axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2016-2017.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Nº RE X	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR	CENTRO DOCENT E CEIP	PRAZA	BONIFICACION	IMPORTE AXUDA PROPOSTA	RESOLUCION	MOTIVO
4.986	M.A., A.	M.P., A.	A RÚA	FIXA	60%	30,16 €	CONCEDIDA	PEF.
		M.P., C.	A RÚA	FIXA	60%	30,16 €	CONCEDIDA	

Expediente 3228/2017. Cesión en precario de inmueble a favor de ASPANSIM

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude realizada pola Asociación ASPANSIM en data 19 de decembro de 2016, pola que se solicita a cesión do local sito na rúa Cuba, nº 1, para dedicalo exclusivamente á realización das actividades propias do seu obxecto social, realizando no local municipal as obras necesarias para tal finalidade.

Visto que artigo 109.2 do Regulamento de bens das corporacións locais posibilita a cesión gratuíta de bens patrimoniais a entidades públicas ou privadas de interese público sen ánimo de lucro. Á súa vez, o artigo 145.3 da Lei do patrimonio das administracións públicas, admite que a cesión gratuíta poida ter por obxecto a propiedade do ben ou só o seu uso.

Visto que o procedemento de cesión gratuíta deberá cumprir o establecido no artigo 110 do Regulamento de bens, tratándose dun procedemento de tramitación complexa e competencia plenaria.

Visto que o desenvolvemento dos fines sociais da Asociación ASPANSIM xustifican a urxencia de proceder á cesión do local solicitado polo que, en tanto se tramita o procedemento de cesión de conformidade co sinalado artigo 110 do Regulamento de bens, considérase oportuno realizar unha cesión provisional en precario, para os efectos de facilitar a realización das actividades da asociación.

A Xunta de Goberno Local acorda:

* Aprobar a subscrición dun convenio coa asociación ASPANSIM, para a cesión temporal en precario do uso do local municipal sito na do primeiro andar do edificio da antiga Cámara Agraria, para o desenvolvemento das actividades propias do seu



Concello de Cangas

obxecto social, durante o período de tempo de tramitación do expediente de cesión gratuita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850